





Salma
Despois da medianoite



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección Xeral de
Promoción e Difusión da Cultura

Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura,
e Turismo, Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura,
na convocatoria de subvencións á tradución de 2010.



XACOBEO 2010
Galicia

The Hour Past Midnight

First published in English in 2009 by Zubaan

Originally published in Tamill

by Kalachuvadu Pathippagam as *Irandaam Jamangalin Kathai*

Deseño de cuberta: Miguel Vigo

Ilustración de cuberta: Bobby

1ª edición: xuño 2011

© da tradución, María Reimóndez, 2011

© Lakshmi Holmström for the English translation, 2009

© Salma for the Tamil original, 2004

© Zubaan, an Associate of Kali for woman (New Delhi), 2011

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2011

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.es

<http://www.xerais.es>

<http://xerais.blogaliza.org>

ISBN: 978-84-9914-254-8

Depósito legal: VG 422-2011

Impreso en Huertas

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Salma
Despois da medianoite

Tradución de María Reimóndez

 XERAIS
narrativa



Traducir despois da medianoite

Traducir é sempre un acto de enorme responsabilidade. Sexan cales sexan as circunstancias, o proceso é sempre un intercambio, unha relación onde o poder está presente de moi diferentes maneiras. Cando o texto chega ás mans de quen le, o máis importante xa foi dito, o máis importante, o proceso, quedou do outro lado, do lado do oculto, do lado da medianoite. Igual que a narración de Salma tenta botar luz sobre esa escuridade terrible, tamén estas breves páxinas pretenden mover o proceso da tradución a este lado, ao do visible.

O lado que fica despois da medianoite fai que unha se teña que situar nun lugar complexo, o de ofrecer unha interpretación, das moitas posibles, sobre un texto para que se abra como un abano noutra lingua. Nesa escuridade adoita acontecer que as escollas, tanto dos textos como sobre os textos (é dicir antes e durante a propia escrita) tenden a seguir os designios do esperado, dos poderes existentes, do patriarcado e dos imperios. Mais non ten por que ser así. A tradución, como as palabras de Salma, poden ser unha práctica máis na busca dos equilibrios. Pero para iso hai que

ser consciente de quen somos e dende onde lemos. Por iso que se traducir implica sempre unha enorme responsabilidade, esta crece cando traballamos coa obra da *outra*, cando nos vemos na obriga de falar na voz da subalterna, que diría Gayatri Spivak. A responsabilidade da miña posición obrígame a falar non só do contexto desta obra senón sobre todo da miña posición ante ela.

Despois da medianoite fálanos cun detalle de ourive, de bordadora, dos vimbios do patriarcado nun lugar e circunstancias concretas. Salma demóstrase coñecedora, dende o máis fondo da experiencia e da intelixencia, das moitas maneiras en que o patriarcado se afianza e nos constrúe. Dende a miña posición de tradutora o importante pareceume deixar ver eses vimbios, dos cales non está exento nada, nin a tradución. Nese lado da escuridade está tamén toda unha estrutura sobre a cal se alicerza a violencia, o invisible que lexitima, en todas as sociedades, as circunstancias de vida das mulleres. Desta constatación parten moitas das decisións tomadas no longo proceso de traducir o texto, de aí que sexa importante empezar por aquí.

Mais como tradutora tamén son consciente doutras marcas que se lle aporán a esa análise neste movemento a outras latitudes. Por iso debo facer serias advertencias. *Despois da medianoite* non é un texto que fala das *mulleres musulmás*, ese estraño construto que tan ben acae a occidente para os usos máis diversos (iniciar unha guerra en Afganistán, promover o racismo en Suíza ou Francia). Tampouco fala das *mulleres indias*, outro interesante construto (as submisas, as silenciosas, as sufrintes, as caladas) conveniente. Na actualidade, e como ben analizou Edward Said en diversos textos, o exotismo é a forma máis corrente de racismo, a maneira de proxec-

tar esa *outra* que se axusta ás nosas expectativas, que xustifica as nosas violencias económicas, bélicas ou sociais. Por iso é importante para min explicar que *Despois da medianoite* non pretende facernos entender o mal que viven as mulleres noutros lugares, nin o bárbaros que son certos costumes por lugar ou relixión, senón máis ben tenta ensinarnos o reverso, o agochado, que existe en todas as sociedades, a nosa a primeira, que tamén ten costumes, lugar e relixión. *Despois da medianoite* non se escribiu para darnos explicacións, escribiuse para sacar á luz moitas e complexas explotacións para que fosen visibles para quen as practica, escribiuse para denunciar como se constrúe a discriminación e a violencia contra as mulleres dende o concreto para o mundo. É unha crítica dende a cerna dunha comunidade á cerna desa comunidade. Nese sentido é un texto fundamentalmente diferente doutros que ás veces recibimos dende ese algo que chamamos India, escritos xa orixinalmente en inglés, mediados xa ata certo punto para un público potencial que descoñece os costumes, os lugares, as vidas.

Porque efectivamente, *Despois da medianoite* non fala da India, senón de Támara Nadu e dentro deste dunha comunidade musulmá rural moi concreta. Combina o valor insuperable do literario que fai da experiencia particular, acoutada e definida, unha riqueza e unha lección para o mundo. Por iso non fai falta ser india, nin támara, nin musulmá dunha comunidade rural para entender o fío que traspasa esa medianoite. O texto fainos máis do mundo e dános máis ferramentas para coñecelo, quere-lo, cambialo. Reducilo a unha expresión de mágoa do «mal que viven» as mulleres musulmá/indias faille un fraco favor ao noso entendemento da humanidade. Porque estas estratexias tamén buscan

que por comparación pensemos que vivimos no mellor dos mundos posibles e asumamos a discriminación contra as mulleres, grave e igualmente gravada a ferro nas nosas prácticas, como leve e irrelevante. Por iso esa falta de reflexión é tan perigosa, como indican numerosas teóricas feministas dos países en vías de desenvolvemento, e por iso é a miña obriga polo menos advertir deste perigo.

Resumir esta complexa obra a un laio sobre as condicións de vida das *mulleres musulmás* sería, ademais, unha tremenda falta de respecto ante o feito literario que constitúe para a literatura támil a voz de Salma. O támil, lingua falada por sesenta millóns de persoas, conta dende épocas moi remotas xa non cunha literatura vizosa, senón cunha literatura onde as mulleres tiveron cousas que dicir. En todas as épocas as voces rebeldes das autoras puxeron o dedo nas chagas do propio sistema literario. Salma, tanto na súa voz poética como nesta narrativa, forma parte dun grupo de autoras actuais que tiveron a ousadía de falar dos temas tabús (e vexamos o paralelismo coa literatura galega a partir dos anos 90). *Despois da medianoite* trata con mestría moitos deles, dende o desexo sexual das mulleres ata os abusos, a violencia ou o espertar sexual entre dúas mozas. Trata, ademais, a complexidade total da situación das mulleres no medio dos conflitos, *atravesadas por unha patria*, que diría a nosa Lupe Gómez, en todos os lugares do mundo. Unha patria construída polos homes, unha patria de emigración, de loitas de poder e de normas que se padecen pero non se redactan.

Todo isto contado co detalle dunha puntada fina, coas puntadas finas do cotián, que é o que no fondo vai facendo as nosas vidas e os grandes problemas que nelas se desvelan. Así, a escrita de Salma entra nos detalles máis minúsculos,

nos movementos, nas preparacións das comidas, na inclinación dunha man, na vida dos obxectos. Entra nas arelas da infancia, nas saudades, nas determinacións. Lévanos de viaxe ao reverso das cousas, bota luz nesa fonda escuridade do que non se quere saber. E esa luz devólvenos sempre sombras complexas que tentan desfacer a escuridade das violencias.

Porque se algo prima na obra de Salma é o amor polo detalle e pola complexidade, por desentrañar as raíces de como o patriarcado fai ás mulleres as súas primeiras cómplices, como pecha as portas ás que queren rebelarse polo perigo, expresado de forma moi explícita na obra, de imitación e destrución do statu quo de dominio. As mensaxes se cadra dinse noutros códigos pero non distan moito das da nosa sociedade. Se lemos a obra polo reverso da luz que nos dá a propia vida de Salma entenderemos tamén a importancia das súas palabras, porque ela é a proba de que se pode saír desas estruturas. Con moitas dificultades, pero pódese. Porque Salma en realidade non se chama Salma, senón Rokkiah. A Rokkiah quitárona da escola antes de rematar a primaria e casárona antes de chegar á maioría de idade. Pero ela seguiu buscando os camiños da escrita e co seu alcume, en segredo, seguiu escribindo e enviando os seus poemas a diferentes publicacións. Foi a escrita a que a obrigou a saír da súa vida privada e tecer con ela outra pública, porque a fama dos seus poemas fixo que fose xa inevitable que revelase a súa identidade no lugar onde menos a coñecían: o seu fogar. A vida pública tampouco foi doada, con críticas por parte dos fundamentalistas de diversos ramos (por falar do que ocorre no seo da súa comunidade musulmá ou por falar de sexo no seo da comunidade máis ampla de Támil Nadu). O camiño foi longo, pero hoxe Salma é a Directora Xeral de

Benestar Social de Támara Nadu, despois de facer carreira na política da man do DMK (Dravida Munnutra Kazhagam, partido nacionalista támara laico e progresista). En certo punto dese proceso, os nosos camiños entrecrúzanse no proxecto *Vanakkam-Benvidas*, un libro de poetas galegas e támaraes que promovemos en *Implicadas no Desenvolvemento*. Dende ese momento, non nos soltamos a man, unidas polas conviccións dun feminismo que ambas compartimos. Esta tradución é unha mostra máis diso.

Todas estas cuestións son o único que poden explicar as escollas concretas do que finalmente constitúe este libro en galego (o que adoito lemos nunha introdución dunha tradución, escollas *lingüísticas*). Desta maneira só podemos entender ata que punto foi complexo trasladar esta obra, grazas á tradución ao inglés de Lakshmi Holmström, ao galego. Co apoio da versión de Holmström, sumamente próxima ao támara ata o punto do inintelixible para calquera persoa que non teña unhas nocións lingüísticas e culturais mínimas de támara, tentei dar vida á fala do rural, ás pinceladas de luz, sombras e detalle, á vida dos obxectos, á paisaxe tan afastada seguramente para quen o vaia ler e tan próxima para min, ata o punto de revivir dende a distancia a miña segunda matria. O texto achéganos unha vida totalmente diferente á nosa no cotián, descolócanos do noso lugar central como suxeitos occidentais, un proceso que está na cerna da miña vida e que gozo compartindo neste traballo. Ponnos, por unha vez, no lugar da outra no contexto planetario. Como galegas se cadra experimentamos esa periferia moitas veces con respecto a un centro ibérico, mais non podemos esquecer que no contexto máis amplo do mundo, nós tamén creamos periferias. Este aspecto parecíame fun-

damental, e de aí que decidise preservar trazos do alleamento en palabras que poderían traducirse como «oración da mañá», «oración do remate do xaxún». Esas palabras alleas teñen un papel fundamental porque no propio texto orixinal existe ese cuestionamento da identidade dominante. O texto fala dende unha minoría e utiliza termos que unha lectora media da maioría (hindú) non entende. Precisa preguntar, buscar, interesarse, por saber que é o que se di. Precisa, como o meu amigo I. Ambalavanan, ir buscar a compañeira de traballo ou a veciña musulmá para preguntarlle. Aquí e alá haberá quen se interese e haberá quen prefira deixar estes aspectos a un lado. As dúas opcións son posibles neste texto, dado que o glosario final exerce da veciña ou compañeira que aquí fica algo lonxe de máis.

Dentro do contexto literario pareceume igualmente relevante manter a complexidade dos nomes de parentesco támiles porque expresan a relación e o punto de vista de quen fala. É dicir, podemos saber dende os ollos de quen a narradora omnisciente observa algo polos denominadores que utiliza para os personaxes. Cando Rabia fala de Rahima esta é sempre a súa *periamma* (muller do irmán maior do seu pai, é dicir, tía), cando alguén se refire a unha muller como *kuppi* está expresando o seu respecto ante unha muller maior. Estes substantivos explican unha complexidade de relacións que me pareceu moi relevante conservar, mentres que pola contra busquei formas propias para os usos xenéricos de *amma* (literalmente, mai) cando se usa como apelativo para calquera muller, ou *akka* (irmá maior) cando se usa para unha muller maior ca nós pero sen parentesco directo.

O texto inclúe tamén moitas referencias ao folclore, as tradicións, os costumes, os ditos. Todas elas poden entender-

se no propio contexto ou están designadas no glosario. Todas elas esixen de nós o mínimo esforzo de achegarnos un pouco máis a un mundo que pode semellar distante pero que fica próximo. Non é esta, pois, unha tradución que busque como adoito se defende e valora no noso sistema literario, «anosar» a Salma. «Anosar» os textos é unha opción tradutolóxica pero non a única e no caso dun texto como este, por todas as razóns que aclarei ata o momento, decidín optar por escollas máis alleantes, escollas que no canto de traer a Salma cara a nós, nos leven a nós cara a ela na procura dun encontro no medio do camiño, nun lugar máis xusto e equilibrado.

Moitas das protagonistas deste complexo libro de relacións entre mulleres buscan apoio nas demais. Elas, por desgraza, non sempre o conseguen. Eu, pola miña banda, tiven apoios imprescindibles nesta travesía. O máis importante deles, o do meu amigo Ilakkunar Ambalavanan, grazas a quen teño a honra de poder considerarme un pouco cidadá támara. Grazas a doce anos de compartir vida con el e a súa familia este texto é comprensible para min e para vós. Grazas a el, o coñecer a Salma. Grazas a el, as diversas consultas sobre o texto e o glosario foron resolvéndose. Aínda máis no fondo, debo agradecer a todas as mulleres támara e galegas, que me acompañan no traballo en cooperación que facemos en Implicadas no Desenvolvemento, porque sen elas non contaría coas experiencias que me conforman como persoa e como tradutora, necesarias para traducir Despois de medianoite. Debo agradecer tamén a dispoñibilidade de Edicións Xerais de Galicia e en especial de Manolo Bragado para embarcarse neste proxecto. E por suposto a Salma polas súas palabras. Estas que nos abren a noite de par en par para buscar a luz do día.

María Reimóndez

DESPOIS DA MEDIANOITE



Capítulo 1

A través da xanela da clase Rabia observaba a choiva caer. A unha certa distancia, xusto a carón do patio, estaba o pozo, tan ben adornado grazas á comunidade dos carpinteiros. Tiña o seu aquel ver como as pingas caían incesantes sobre o alto parapeto que o rodeaba e como ían logo esvarando. A auga que pingaba dentro do pozo sería boa para beber, pero a auga que esvaraba ía polo sumidoiro aberto abaixo. De cando en cando, a brisa que zoaba a través da xanela botaba unha mada de pingas na súa cara, o cal a enchía de ledicia. Menos mal que non lle fixera caso a *amma** e decidira vir a clase! Ben sabido era que os días de choiva non viña nin mestra nin mestre á escola impartir a clase. Rabia e as súas amigas facíanlles burla, botando risiños entre elas:

—Terán medo de se mollar de todo no cambio de clase.

Os medos das mestras transformaban o día nun día de ledicia para as crianzas. Pasaban o tempo encantadas, intercambiando historias e facendo xogos.

—Ei, Rabia!

Virouse sobresaltada ao oír o seu nome. A delegada de clase, Uma, díxolle:

—Viñéronte buscar. Será mellor que vaias ver que pasa.

Púxose de pé, matinando en quen sería, pasou por diante das outras crianzas e chegou á porta. O condutor, Mutthu, estaba de pé, acubillado debaixo do paraugas.

—A túa *amma* díxome que viñese recollerte.

—E logo? —preguntou Rabia.

—E eu que sei! Veña, imos —dixo, o ton da súa voz apurábaa para que bulise. Pero ela non tiña a máis mínima intención de deixar aquela clase enfeitada pola choiva.

—Non podo marchar así sen máis, meu Mutthu. Terei que pedir permiso da mestra antes de nada. Ti marcha para a casa e déixame o paraugas.

—Diso nada. Pide permiso agora mesmo e pasa para a casa comigo. *Amma* vaise enfadar moito como non obedezas. Veña. De inmediato. Falamos con ela e marchamos.

Pero ela teimou:

—Non, é que teño que facer unha redacción. Se non a mestra non me ha deixar marchar. Pero ti vai indo, anda.

Con reticencia, Mutthu deulle o paraugas e marchou.

Rabia sentiu unha enxurrada de alivio. Xa iría para a casa un chisco máis tarde, camiñando. Iría á casa coas demais, mollaríase coa choiva, saltando nas pozas e metendo os pés nas que se acababan de formar. Nada máis pensar niso xa se sentía feliz.

—Para que mandarían o coche buscarte? E logo non pasaría algo importante? —preguntou Uma. Había unha miga de decepción na súa voz.

—Estou segura de que non ha ser nada. Seguramente mandaron o coche porque lles preocupa que me poña coma

un pito, nada máis –contestou sen darlle importancia ao asunto, volveu ao pupitre e sentou.

Rabia decatouse da ollada de envexa das súas compañeiras polo coche que a viñera buscar e que ela mandara de volta e sentiuse chea de orgullo. Polo rabo do ollo tentou ver se Ramesh a observaba. Sentiuse defraudada ao ver que non era así.

Madina, que sentaba ao seu carón, comentou:

—Que ben que lle dixeses que non podías ir! Así iremos andando xuntas para a casa e pasarémolo de medo.

—Claro. Por iso mesmiño non che fun no coche –dixo Rabia e virou unha vez máis para observar como caía a choiva do outro lado da fiestra. A imaxe das flores que penduraban da árbore *pannir** co peso da choiva era ben fermosa. De camiño á casa tiña que lembrar recoller todas as flores e poñelas na bolsa. Gustáballe esa árbore máis ca ningunha outra cousa que houbese na escola. Encantáballe sentar debaixo e ler. Cada vez que a observaba, sentía unha anovada sorpresa ante o seu enorme tamaño. A miúdo lle preguntara a *amma* por que non había ningunha outra árbore coma aquela en toda a vila. *Amma* cortáralle a palabra cunha frase:

—E eu que sei, nena? Non hai e xa está, éche o que hai.

Tomou a decisión de facerlle a pregunta á súa *periamma**, a súa tía paterna, ese mesmo día. *Periamma* viña da cidade, non era unha pailana coma *amma*.

Aínda que levaba o paraugas, cando chegou á casa despois da clase, estaba mollada ata a cerna. En canto viu a súa filla, Zohra sentiu a rabia subirlle polos pés. Nin berrou nin lle rifou, pero a expresión iracunda da súa face revelaba os seus sentimentos con claridade.

—Así que nin se pode molestar a señorita en vir para a casa cando a mandamos buscar! A saber que trapalladas andarías aprendendo! Por ser testana aquí quedamos manguadas —pero cando Zohra se achegou a Rabia ficou paralizada.

A blusa branca de Rabia, mollada de todo, revelaba o seu torso. Zohra quedou abraiada ao ver os peitos da súa filla, máis que ben desenvolvidos para a súa idade. Agarrou a Rabia do ombreiro e abaneouna con forza.

—Así volves da escola? Meu Deus! Seguro que xa te viu así todo o mundo. Non debería de ter a miña filla algo de decencia? Teño que ensinarche mesmo isto? —laiándose en alto, comezou a secar o pelo de Rabia cunha toalla.

Rabia non entendeu de todo o significado dos laios de Zohra. Matinando nas palabras da súa mai botou unha ollada ao seu corpo. Mollada de todo, víase claramente a liña do seu torso. Ao comprobar tal, ela mesma comezou a sentirse avergoñada.

Zohra rematou de secar o pelo da súa filla.

—Vaite, veña, vaite e cambia de roupa e prepárate. Temos que ir á casa da *kuppi**. Non marchamos para non deixarte soa na casa, e mira como nolo pagas! —rosmando, Zohra foi camiñando cara á cociña.

Unha vez máis, Rabia sentiu unha picada de ledicia. Exultante porque fosen saír e por non ter que estudar pola tarde nin ir á madrasa, correu a toda velocidade ata o seu cuarto, pechou a porta e comezou a quitar o uniforme do colexio.

A súa *periamma* Rahima botou a cabeza para dentro e preguntou:

—Aínda acabas de chegar á casa, Rabia?

Correu cara a ela e abrazou a súa tía. Mirouna directamente e preguntoulle:

—E logo por que imos á casa da *kuppi*?

—Non sabes que morreu a *kuppi* Zunaida? Imos por iso –contestou Rahima–. Veña, bule e prepárate. Xa tes a túa mai enfadada contigo.

Rabia tampouco lle tiña tanto afecto á *kuppi* así que a nova da súa morte non a puxo especialmente triste. Con présa sacou unha saia longa e unha blusa do andel onde tiña a roupa e púxoas. O seu longo cabelo aínda non estaba seco de todo e notábao húmido. Pensando que súa mai lle había de rifar se se daba conta, fixo unha trenza rápida e descoidamente e logo correu ata ficar a carón da porta principal, disposta a marchar.

Unha vez máis oíu como súa mai berraba «Rabia!» e foi correndo cara á cociña.

—Toma, bebe o leite. Cando remates, leva este termo. Poñeremos os *dupattas** e xa te alcanzamos –dixo Zohra, botando o pasador da porta da cociña.

Rabia bebeu o leite e volveu onda a porta principal. Seguía chuviñando algo fóra. Dende a casa de en fronte Farida botoulle unha ollada dende a ventá:

—Rabia, onde ides? Supoño que ides ao funeral, non?

—Si, imos á casa da *kuppi* –contestou Rabia.

En canto oíu a voz de Farida, Mutthu saíu do coche, que estaba aparcado preto da porta principal. Pero en canto deu a volta para mirar cara á ventá, Farida botou a cabeza para dentro con présa.

Mutthu comezou a rir:

—E daquela que lle daría, Rabia? Aínda hei ser un fantasma ou un trasno? Tenme tanto medo que ten que agocharse de contado?

—Farida xa chegou á puberdade, non si? Daquelas como pode vela un home? Non pode ser vista por homes, non sabes? —Rabia falou con aires de importancia.

Amma e *periamma* saíron. Mutthu sentou no asento do condutor. Rabia estaba a piques de entrar no coche antes que as demais pero primeiro Zohra deulle un *davani** e díxolle:

—Toma, pon isto.

Ela botoulle un ollo estrañada, como preguntando: «E isto para que é?».

—Ai! Véseche o peito todo, ou non o sabes! Haberá moita xente na casa para carpir. Vaste poñer alá diante de todo o mundo con tal aspecto desvergoñado? Ademais, o teu tío rifaranos. Unha moza ten que ser modesta, ou non sabes? Fai o que che digo, de inmediato —rifoulle Zohra ao oído.

Por algunha razón a súa *periamma* Rahima estaba enfadada:

—Por que andas abouxiando a nena deste xeito? —reprendeulle a Zohra. A Rabia díxolle—. Polo de agora bota isto por riba, só para agradar a túa nai.

A mesma Zohra púxolle o *davani* por riba a Rabia. O coche púxose en marcha en canto subiron nel. Tanto *amma* como *periamma* taparan os seus corpos ao completo cos *dupattas* brancos de loito. Rabia ía apertada no medio delas, perdida nos seus pensamentos.

A casa da falecida *kuppi* só estaba a un par de rúas de distancia. Chegaron nuns minutos. Montaran un grande *pandal** diante da casa. Había moitos homes sentados en silencio nas cadeiras que puxeran para a ocasión. Aínda que

só eran as cinco da tarde, escurecera cedo debido á choiva. *Amma* e *periamma* baixaron do coche, taparon a cara de xeito que só se lles visen os ollos, pasaron rapidamente por diante dos homes que estaban alá reunidos e entraron na casa. Rabia camiñou máis lentamente, avergoñada polo seu novo *davani*, tirando del por todos os lados e axustándoo a medida que ía camiñando. O son do carpir que proviña da casa fixo que se lle contraese o estómago.

Rabia entrou na casa temerosa, tremendo mesmo un chisco. O olor do incenso entroulle polas ventas, aumentándolle o medo. No medio da entrada, onde o son do carpir chegaba dende todas as esquinas, estaba o corpo da *kuppi*, deitado nun grande banco, coas pernas estiradas cara ao oeste. A visión do corpo cuberto cunha tea branca fíxoa tremer. Tivo medo de non dar termado do termo así que o agarrou con forza, tentando enterrar nel o seu medo.

Pouco a pouco foi cobregueando ata a súa mai, pegada á parede ata que chegou a ela. Sentou entre *amma* e *periamma*. Debaixo do banco puxeran unha lata chea de sal, na que plantaran un paquete enteiro de barriñas de incenso. Mentres observaba o fume erguerse dende as barriñas de incenso nunha enorme nube, empezáronselle a revolver as tripas.

Amma collera á *macchi** Nafiza no colo e dáballa palmas nas costas para reconfortala.

—Non chores, Nafiza. Estábache escrito. Non chores.

Pero Nafiza non deixaba de saloucar. Berrou en voz ben alta:

—Miña maiciña, ti déchesme a vida e agora déixasme orfa! Deixas a meu pai só no mundo! A quen habemos recorrer? Deus bendito, como me abandonaches deste xeito!

Ao comezar a carpir en voz alta, xa sen podelo aturar máis, outras mulleres fóronselle unindo, elevando as súas voces en lamentos. A cara branca e redonda da *macchi* Nafiza estaba inchada de chorar. O pelo solto caíalle sobre a fronte, escondéndolle a cara. Botaba grandes saloucos dende o colo de *amma*. Entrementres Rabia estaba mirando a *periamma*, desexando que lle quitasen da man o termo. Convenceuse de que o que tiña que facer era darlle o termo a alguén e saír o máis rápido posible. Así, dixo baixiño:

—*Periamma*, teño medo. Podería saír?

Rahima comprendeu os medos da nena, quitoulle o termo e murmuroulle:

—Si, veña, vaite.

Logo tentou axudar a Nafiza a sentar, ao mesmo tempo que berraba:

—A ver! Non hai ninguén que poida botar este café nun vaso para poderllo dar a esta pobre rapaza?

Rabia sentiuse moi aliviada. Ergueuse, pasou por diante da multitude con axilidade e saíu. Botou unha boa ollada en derredor, buscando un lugar axeitado onde sentar. Despois de considerar cal das dúas cadeiras de metal que ficaban libres era mellor, elixiu a negra, levouna sen facer ruído e púxoala contra a parede. Debido á choiva, todo o chan estaba cheo de lama e bulleiro. Sentou con coidado, mantendo a saia ben por enriba do papo da perna.

O home da *kuppi*, o *maamu** Kamal, sentaba a unha pequena distancia. Mirou para el con atención para ver se choraba. Sentaba coa cabeza agachada de pena, pero non saloucaba. Preguntouse por que non tiña bágoas nos ollos. Unha vez preguntáralle a súa nai:

—E logo, os homes non choran nunca?

—Por que me preguntas tal?

—Por nada, é que nunca vin un home chorar. Logo Deus non lles deu bágoas?

Amma dixo:

—Serás parva! Os homes non deben chorar. Non choran nunca. Non son coma as mulleres.

Rabia comezouse a aburrir. Botou unha ollada en derredor, cos ollos buscaba a Ahmad. Polo menos se el estivese, poderían pasar o tempo latricando.

Zohra e Rahima tentaban obrigar a Nafiza a beber algo de café do vaso.

—Levas chorando sen parar dende a mañá, que ha ser de ti? Polo menos bebe un grolíño, nena. Túa mai tivo unha boa morte, morreu como unha *vaavarasi*, antes có home. Quen pode ter tanta sorte, dime? —dicíanlle, para consolala. Pero despois dun par de grolos, Nafiza comezou a abanear a cabeza violentamente, como se quixese tirar de si unha enorme sensación de culpa. Unha vez máis deitouse no colo de Zohra, bruando:

—Miña mamaciña que me deu a vida, cando te hei ver de novo?

Rahima ergueu un chisco a voz e rifoulle:

—De que che ha valer andar saloucando sen xeito? Se segues chorando así, non se ha sentir mal túa mai, onde queira que estea? Non é iso unha grave falta?

Ante a reprimenda, os saloucos de Nafiza minguaron un chisco.

O estómago de Rahima revolveuse lixeiramente. O olor penetrante do fume do incenso mesturábase co olor a alento

e seres humanos. O cuarto estaba ateigado, o cal evitaba que entrase aire fresco. Tirou do *dupatta* para cubrir a cara de xeito que ninguén puidese ver como engurraba o nariz.

Kader entrou e dixo en voz ben alta:

—Facede os últimos ritos agora, mulleres. O enterro ten que realizarse antes da hora do *Maghrib**. Lavade agora o corpo.

Rahima sentiuse aliviada polas palabras do seu home. Comezou a axotar ás demais para prepararse para o funeral. Ergueuse e exclamou:

—A levantarse, mulleres, todo o mundo. Temos que levar o banco ao lugar onde lavar o corpo.

De inmediato, catro ou cinco mulleres levaron para fóra outro banco que estaba apoiado na parede e volveron para levar tamén o corpo. En canto marcharon, Nafiza comezou a saloucar aínda máis alto.

Asiamma e as demais encargadas de lavar o corpo ataron un sari ao longo do patio a modo de cortina. Xa tiñan preparado un caldeiro con auga e xabón. Lavaron o corpo e comezaron a envolvelo na mortalla branca que xa se preparara e limpara segundo os rituais. Rahima era consciente da ansiedade dos homes por que o enterro se realizase antes de que comezase a chover de novo. Se se atrasaba ata despois do *Maghrib* non habería luz abonda, sería demasiado difícil chegar así ao cemiterio. Se cortaban a luz habería aínda máis problemas.

O silencio encheu a casa toda. Unha dor silente semellaba pasar por todas e cada unha das caras. O ritual de bañar o corpo creara un momento no que cada muller presente se puña a pensar na súa propia morte. Cada cara revelaba unha certa impotencia e o medo de que un día, inevitable-

mente, o momento desa marcha derradeira do fogar chegase para todas.

Zohra pensaba na súa propia mai. Por que non tería morto a súa *amma* Amina tamén antes do seu home, como unha *vaavarasi*? En canto pensaba na dureza da viuvez da súa mai, víñanlle bágoas aos ollos involuntariamente. De socate levantou as mans, elevou a voz e pregou:

—Alá, concede o bo fado a todas as mulleres de ser chamadas a ti antes cós nosos homes. Dános unha boa morte coma esta.

Moitas voces, cheas de tristura, uníronse cun sentido «Amén».

O corpo, listo para o enterro, tendeuse no medio da entrada sobre unha esteira de folla de palma que colocaran sobre o banco. O xeito en que xacía o cadáver, envolto ben apertado e atado da cabeza aos pés, deixando só a pequena cara encollida á vista, perturbaba a Rahima dun xeito estraño. Para protexerse dese sentimento tormentoso tentou obrigar os seus ollos a mirar cara a outro lado, pero non deu.

A voz de Asiamma berrou:

—Quen queira botar unha última ollada á súa cara que o faga agora, irmás.

Inmediatamente levantáronse as voces dende todas as direccións, enchendo a casa unha vez máis. Todas se conmovieron ao ver a Nafiza correr e caer sobre a súa mai para bicarlle a cara, chorando en saloucos. Dúas mulleres terminaron dela e levárona pola forza mentres que uns homes entraron co cadaleito, puxeron nel o corpo, cubrírono cun pano verde e levárono fóra. Asiamma levantou a voz e comezou a cantar as oracións da despedida derradeira coas mans levantadas.

Despois desa oración a casa quedou calada unha vez máis, como se estivese alicerzada nun silencio que non podía crebar. As mulleres comezaron a recoller os seus *dupattas* e panos, puxéronos e despedíronse das demais, preparándose para ir para a casa. Nafiza deixouse caer a carón dunha parede, exhausta de tanto chorar.

Rahima e Zohra intercambiaron miradas, preguntándose se terían que ficar ata que os homes volvesen do enteiro cando se dixesen as últimas oracións para a falecida. Silenciosamente e sen que ninguén a vise, Rahima colleu a man de Zohra e apertouna, acenándolle ao mesmo tempo cos ollos. Ela e Zohra despedíronse do resto das mulleres e saíron. Rahima recordou recoller o termo que estaba ao seu carón.

Ambas mulleres estaban extremadamente cansas. En canto puxeron un pé fóra da casa, Rabia sacou a cabeza pola ventá do coche e saudounas. Zohra entrou no coche e preguntou de inmediato

—E ti onde andabas? Non te vin dentro.

—Tiña medo, *amma* –contestou Rabia.

—Así que estiveches fóra todo o tempo, no medio dos homes? –preguntou Zohra axitada. Pero Rahima estaba irritada e interrompeu.

—Veña –dixo–, déixao estar. Xa non sei para que a trouxeches ata aquí. Aínda por riba has esperar que fique dentro todo o tempo.

Ningunha dixo nada despois disto. Buscando consolo, Rabia apoiouse contra o ombreiro de *periamma*.